



## **Resolución de EAPN-Galicia sobre a estruturación do Dialogo Civil coas administracións municipais e autonómicas.**

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2010.

A Rede Galega de Loita contra a Pobreza (EAPN-Galicia),

VISTO o Artigo 8 (apartados A e B) do Tratado de Lisboa, relativos á determinación das institucións europeas a complementar os seus principios de democracia representativa con mecanismos de democracia participativa, dando á cidadanía e ás asociacións representativas, polas canles apropiadas, a posibilidade de expresar e intercambiar publicamente as súas opinións en todos os ámbitos de actuación da Unión, e mantendo un diálogo abierto, transparente e regular coas asociacións representativas e a sociedade civil.

VISTO o Artigo 9.2 da Constitución Española, relativo á responsabilidade dos poderes públicos de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

VISTO o Artigo 2e da Lei 51/2003, que define o diálogo civil como o principio en virtude do cal a sociedade civil organizada participa, nos termos que establecen as leis e demais disposicións normativas, na elaboración, execución, seguimento e avaliación das políticas oficiais que se desenvolven na esfera das persoas con discapacidade.

LEMBRANDO o rápido desenvolvemento e proceso de maduración do Terceiro Sector de Acción Social (TSAS), definido como o ámbito formado por entidades privadas de carácter voluntario, non gobernamentais e sen ánimo de lucro que xurdidas da libre iniciativa cidadá, funcionan de forma autónoma e solidaria tratando, por medio de accións de interese xeral, de impulsar o recoñecemento e o exercicio dos dereitos sociais, de lograr a cohesión e a inclusión social activa en todas

as súas dimensíons e de evitar que determinados colectivos sociais queden excluídos duns niveis de recursos suficientes de benestar.

CONSIDERANDO a crecente articulación das entidades do TSAS en redes e plataformas, a nivel autonómico, estatal e europeo, e máis especificamente o desenvolvemento da rede EAPN en representación do interese das entidades do TSAS galegas das más diversas dimensíons, finalidades e ámbitos de actuación, unidas polo compromiso cívico coa xustiza, a solidariedade, o mutualismo, e o altruísmo sobre a base do interese común.

RESALTANDO a creación de redes e plataformas como manifestacións claras da vontade do TSAS de actuar, en sinerxía coas administracións públicas, como axente social apartidista, responsable e vital para a democracia participativa.

CONSIDERANDO que a creación nos últimos anos de distintos consellos e foros en Galicia supuxo un avance moi importante no recoñecemento do TSAS e a articulación dos niveis de consulta.

LEMBRANDO que o grao de recoñecemento e participación que ten o TSAS na concepción, implementación, seguimento e avaliación das políticas públicas está infradimensionado e non se corresponde co papel social cada vez máis imprescindible que xoga tanto na provisión de servizos flexibles, áxiles e adaptados ás necesidades sociais, como na atención ás persoas e colectivos máis vulnerables, a innovación social, a xeración de coñecemento, a creación de emprego mediante formación e intermediación, a resolución de conflitos sociais e a participación cidadá.

LEMBRANDO a necesidade de dar substancia e lexitimidade á democracia representativa, completándoa co Diálogo Civil estruturado, entendido como o establecemento de mecanismos estables de interlocución entre as administracións públicas e a sociedade civil organizada nos asuntos públicos relevantes.

LEMBRANDO as consecuencias sociais e políticas nefastas da crise económica mundial en Galicia, e por tanto a función crave das entidades da EAPN-Galicia así como do resto do TSAS, en reforzar o tecido asociativo e a cohesión social nos próximos anos.

LEMBRANDO a inadecuación do actual marco de financiamento do TSAS, especialmente a regulada pola vía da contratación e pola das subvencións, que non soamente resultan insuficientes e carenciais, senón que acaban tendo un trato discriminatorio e inaxeitado cara ás entidades sociais, impedíndolles realizar a misión que lles corresponde e a súa función de contribuír ao benestar social e á loita contra a exclusión, particularmente no contexto actual de crise económica.

AFIRMA a súa vontade de colaborar estreitamente tanto co conxunto das administracións públicas como con todos os actores económicos e sociais nas políticas de inclusión, tanto na súa concepción como na súa execución, seguimento e avaliación; achegando así todas as potencialidades e activos das súas entidades e reforzando o seu papel como interlocutoras e axentes sociais.

AFIRMA que o Diálogo Civil constitúe, na actualidade, o mecanismo de democracia participativa máis axeitado e perfectamente compatible coa lexislación vixente a nivel europeo, estatal e autonómico.

AFIRMA que o Dialogo Civil non se pode realizar de xeito representativo e efectivo sen o recoñecemento por parte das administracións públicas, do papel do TSAS explicitamente no conxunto do ciclo das políticas (planificación, implementación, seguimento e avaliación); e que a interlocución, en condicións de respecto mutuo e cunha vontade mutua de procura de sinerxías, entre as administracións públicas e o TSAS ha de ser proporcional ao que representa o TSAS na actualidade e ás potencialidades que ten de contribuir ao ben común.

Por tanto,

RECLAMA a participación da EAPN-Galicia, como socio minoritario, no Comité Económico e Social galego, mellorando así a representatividade do mesmo e en recoñecemento do papel fundamental que xoga o TSAS en fomentar a cohesión social en Galicia; co obxectivo de optimizar a coordinación e sinerxías entre administracións públicas e axentes sociais nun proxecto común e consensuado; e como fundamento para a realización efectiva do Dialogo Civil.

SOLICITA a formalización do Dialogo Civil mediante unha Lei autonómica do Terceiro Sector de Acción Social (TSAS), que

- 1) Estableza unha definición clara do TSAS e do mesmo Dialogo Civil;
- 2) Regule mecanismos estables e estruturados de interlocución política e técnica entre as administracións públicas e EAPN-Galicia en representación das entidades do TSAS en Galicia;
- 3) Constitúa un novo marco de financiamento público do TSAS;
- 4) Fixe un plan de fortalecemento das sinerxías existentes entre administracións públicas e TSAS baseado nunha mellora do intercambio da información e do coñecemento estatístico.

**PROPÓN**, no marco da Lei do TSAS xa mencionada, a creación de mesas sectoriais de alto nivel nas que se reúnan trimestralmente, directores e técnicos dos respectivos departamentos de políticas sociais da administración autonómica, o presidente da EAPN-Galicia en representación dos seus socios e o director e técnicos da entidade socio relevante co obxectivo de avaliar conxuntamente o desenvolvemento, os resultados e impactos das iniciativas e normativas existentes; de analizar propostas programáticas da administración como das entidades do TSAS; e de acordar o deseño e a implementación de programas con fins sociais co fin de evitar a dispersión de esforzos e a duplicación de actividades.

**SOLICITA** a creación de canles de intercambio sistemático de información sobre iniciativas e normativas xurdidas no intervalo das mesas sectoriais trimestrais xa mencionadas, coa posibilidade de reunións ad hoc para abordar temas que necesiten unha urgente resolución.

**PROPÓN** abordar unha axenda de temas prioritarios no Dialogo Civil para Galicia, mesmo no Comité Económico e Social así como as mesas sectoriais de alto nivel xa mencionadas, en liña cos obxectivos prioritarios marcados pola Estratexia Europa 2020 e o Plan Nacional de Reformas que teñen especial relevancia para Galicia. Concretamente, o Dialogo Civil ha de xerar propostas operativas sobre a redución das taxas de pobreza relativa nun 25%, en base ao tres indicadores marcados polo Consello Europeo COREPER de 8 de xuño de 2010 (taxa de pobreza relativa, baixa intensidade laboral no fogar, índice de privación material); a redución da taxa de abandono e fracaso escolar até o 10% (actualmente 30% en Galicia); e a activación laboral como instrumento clave das políticas de redución da pobreza.

**SOLICITA** un marco de financiamento baseado nos principios de partenariado e sinerxía, que privilexie os sistemas de convenio e de concerto para potenciar o desenvolvemento da función social e os valores engadidos que ten o TSAS; que mellore a transparencia, rendición de contas e sistemas de control; e que garanta a estabilidade, a continuidade a medio prazo e a eficacia das accións que desenvolve o TSAS cun sistema de asignación adecuado, racionalizado e estable de recursos.

**PROPÓN** a implantación de programas marco plurianuais en Galicia, tomando como modelo o procedemento usado na Unión Europea para a xestión dos Fondos Estruturais, monitorizando e avaliando de modo continuado a implementación dos proxectos, ao obxecto de modificarles e adaptar�les ás novas circunstancias.

**PROPÓN** potenciar a acción positiva en relación coa contratación pública, mediante a obligatoriedade da inclusión das denominadas cláusulas en toda a contratación pública, tendo en conta xunto cos principios de calidade e prezo, salvando sempre o principio de concorrencia, outros principios de interese social; e convertendo as cláusulas sociais en criterios medibles e puntuables na contratación.

**COMPROMÉTESE** a corresponsabilizarse no impulso, seguimento e defensa daquelas medidas que sexan froito do consenso coas administracións e con outros actores sociais.

**CONVIDA** a todas as entidades do TSAS a apoiar esta resolución e a xuntarse á EAPN-Galicia, consolidando así o TSAS e a súa capacidade de mobilización política.



## **Resolución de EAPN-Galicia sobre la estructuración del Dialogo Civil con las administraciones públicas municipales y autonómicas.**

Santiago de Compostela, 1 de diciembre de 2010.

La Rede Galega de Loita contra a Pobreza (EAPN-Galicia),

VISTO el Artículo 8 (apartados A y B) del Tratado de Lisboa, relativo a la determinación de las instituciones europeas a complementar sus principios de democracia representativa con mecanismos de democracia participativa, dando a la ciudadanía y a las asociaciones representativas, por los cauces apropiados, la posibilidad de expresar e intercambiar públicamente sus opiniones en todos los ámbitos de actuación de la Unión, y manteniendo un diálogo abierto, transparente y regular con las asociaciones representativas y la sociedad civil.

VISTO el Artículo 9.2 de la Constitución Española, relativo a la responsabilidad de los poderes públicos de promover las condiciones para que la libertad y la igualdad del individuo y de los grupos en que se integra sean reales y efectivas, removiendo los obstáculos que impidan o dificulten su plenitud y facilitar la participación de todos los ciudadanos en la vida política, económica, cultural y social.

VISTO el Artículo 2e de la Ley 51/2003, que define el diálogo civil como el principio en virtud del cual la sociedad civil organizada participa, en los términos que establecen las leyes y demás disposiciones normativas, en la elaboración, ejecución, seguimiento y evaluación de las políticas oficiales que se desarrollan en la esfera de las personas con discapacidad.

RECORDANDO el rápido desarrollo y proceso de maduración del Tercer Sector de Acción Social (TSAS), definido como el ámbito formado por entidades privadas de carácter voluntario, no gubernamentales y sin ánimo de lucro que surgidas de la libre iniciativa ciudadana, funcionan de forma autónoma y solidaria tratando, por medio de acciones de interés general, de impulsar el reconocimiento y el ejercicio de los derechos sociales, de lograr la cohesión y la inclusión social activa en todas sus dimensiones y de evitar que determinados colectivos sociales queden excluidos de unos niveles de recursos suficientes de bienestar.

CONSIDERANDO la creciente articulación de las entidades del TSAS en redes y plataformas, a nivel autonómico, estatal y europeo, y más específicamente el desarrollo de la red EAPN en representación del interés de las entidades del TSAS gallegas de las más diversas dimensiones, finalidades y ámbitos de actuación, unidas por el compromiso cívico con la justicia, la solidaridad, el mutualismo, y el altruismo sobre la base del interés común.

RESALTANDO la creación de redes y plataformas como manifestaciones claras de la voluntad del TSAS de actuar, en sinergia con las administraciones públicas, como agente social apartidista, responsable y vital para la democracia participativa.

CONSIDERANDO que la creación en los últimos años de distintos consejos y foros en Galicia ha supuesto un avance muy importante en el reconocimiento del TSAS y la articulación de los niveles de consulta.

RECORDANDO que el grado de reconocimiento y participación que tiene el TSAS en la concepción, implementación, seguimiento y evaluación de las políticas públicas está infra dimensionado y no se corresponde con el papel social cada vez más imprescindible que juega tanto en la provisión de servicios flexibles, ágiles y adaptados a las necesidades sociales, como en la atención a las personas y colectivos más vulnerables, la innovación social, la generación de conocimiento, la creación de empleo mediante formación e intermediación, la resolución de conflictos sociales y la participación ciudadana.

RECORDANDO la necesidad de dar substancia y legitimidad a la democracia representativa, completándola con el Diálogo Civil estructurado, entendido como el establecimiento de mecanismos estables de interlocución entre las administraciones públicas y la sociedad civil organizada en los asuntos públicos relevantes.

RECORDANDO las consecuencias sociales y políticas nefastas de la crisis económica mundial en Galicia, y por lo tanto la función clave de las entidades de la EAPN-Galicia así como del resto del TSAS, en reforzar el tejido asociativo y la cohesión social en los próximos años.

RECORDANDO la inadecuación del actual marco de financiación del TSAS, especialmente la regulada por la vía de la contratación y por la de las subvenciones, que no solamente resultan insuficientes y carenciales, sino que acaban teniendo un trato discriminativo e inadecuado hacia las entidades sociales, impidiéndoles realizar la misión que les corresponde y su función de contribuir al bienestar social y a la lucha contra la exclusión, particularmente en el contexto actual de crisis económica.

AFIRMA su voluntad de colaborar estrechamente tanto con el conjunto de las administraciones públicas como con todos los actores económicos y sociales en las políticas de inclusión, tanto en su concepción como en su ejecución,

seguimiento y evaluación; aportando así todas las potencialidades y activos de sus entidades y reforzando su papel como interlocutoras y agentes sociales.

AFIRMA que el Diálogo Civil constituye, en la actualidad, el mecanismo de democracia participativa más adecuado y perfectamente compatible con la legislación vigente a nivel europeo, estatal y autonómico.

AFIRMA que el Dialogo Civil no se puede realizar de modo representativo y efectivo sin el reconocimiento por parte de las administraciones públicas, del papel del TSAS explícitamente en el conjunto del ciclo de las políticas (planificación, implementación, seguimiento y evaluación); y que la interlocución, en condiciones de respeto mutuo y con una voluntad mutua de búsqueda de sinergias, entre las administraciones públicas y el TSAS ha de ser proporcional a lo que representa el TSAS en la actualidad y a las potencialidades que tiene de contribuirá al bien común.

Por lo tanto,

RECLAMA la participación de la EAPN-Galicia, como socio minoritario, en el Comité Económico y Social gallego, mejorando así la representatividad del mismo y en reconocimiento del papel fundamental que juega el TSAS en fomentar la cohesión social en Galicia; con el objetivo de optimizar la coordinación y sinergias entre administraciones públicas y agentes sociales en un proyecto común y consensuado; y como fundamento para la realización efectiva del Dialogo Civil.

SOLICITA la formalización del Dialogo Civil mediante una Ley autonómica del TSAS, que

1. Establezca una definición clara del TSAS y del mismo Dialogo Civil;
2. Regule mecanismos estables y estructurados de interlocución política y técnica entre las administraciones públicas y la EAPN-Galicia en representación de las entidades del TSAS en Galicia;
3. Constituye un nuevo marco de financiación pública del TSAS;
4. Fije un plan de fortalecimiento de las sinergias existentes entre administraciones públicas y TSAS basado en una mejora del intercambio de la información y del conocimiento estadístico.

PROPONE, en el marco de la Ley del TSAS ya mencionada, la creación de mesas sectoriales de alto nivel en las que se reúnan trimestralmente, directores y técnicos de los respectivos departamentos de políticas sociales de la administración autonómica, el presidente de la EAPN-Galicia en representación de sus socios y el director y técnicos de la entidad socio relevante con el objetivo

de evaluar conjuntamente el desarrollo, los resultados e impactos de las iniciativas y normativas existentes; de analizar propuestas programáticas de la administración como de las entidades del TSAS; y de consensuar el diseño y la implementación de programas con fines sociales con el fin de evitar la dispersión de esfuerzos y la duplicación de actividades.

**SOLICITA** la creación de canales de intercambio sistemático de información sobre iniciativas y normativas surgidas en el intervalo de las mesas sectoriales trimestrales ya mencionadas, con la posibilidad de reuniones ad hoc para abordar temas que necesiten una urgente resolución.

**PROPONE** abordar una agenda de temas prioritarios en el Dialogo Civil para Galicia, incluso en el Comité Económico y Social así como las mesas sectoriales de alto nivel ya mencionadas, en línea con los objetivos prioritarios marcados por la Estrategia Europa 2020 y que tienen especial relevancia para Galicia. Concretamente, el Dialogo Civil ha de generar propuestas operativas sobre la reducción de las tasas de pobreza relativa en un 25%, en base a los tres indicadores marcados por el Consejo Europeo COREPER de 8 de junio de 2010 (tasa de pobreza relativa, baja intensidad laboral en el hogar, índice de privación material); la reducción de la tasa de abandono y fracaso escolar hasta el 10% (actualmente 30% en Galicia); y la activación laboral como instrumento clave de las políticas de reducción de la pobreza.

**SOLICITA** un marco de financiación basado en los principios de partenariado y sinergia, que privilegie los sistemas de convenio y de concierto para potenciar el desarrollo de la función social y los valores añadidos que tiene el TSAS; que mejore la transparencia, rendición de cuentas y sistemas de control; y que garantice la estabilidad, la continuidad a medio plazo y la eficacia de las acciones que desarrolla del TSAS con un sistema de asignación adecuado, racionalizado y estable de recursos.

**PROPONE** la implantación de programas marco plurianuales en Galicia, tomando como modelo el procedimiento usado en la Unión Europea para la gestión de los Fondos Estructurales, monitorizando y evaluando de modo continuado la implementación de los proyectos, al objeto de modificarlos y adaptarlos a las nuevas circunstancias.

**PROPONE** potenciar la acción positiva en relación con la contratación pública, mediante la obligatoriedad de la inclusión de las denominadas cláusulas en toda la contratación pública, teniendo en cuenta junto con los principios de calidad y precio, salvando siempre el principio de concurrencia, otros principios de interés social; y convirtiendo las cláusulas sociales en criterios medibles y puntuables en la contratación.

SE COMPROMETE a corresponsabilizarse en el impulso, seguimiento y defensa de aquellas medidas que sean fruto del consenso con las administraciones y con otros actores sociales.

INVITA a todas las entidades del TSAS a apoyar esta resolución y a juntarse a la EAPN-Galicia, consolidando así el TSAS y su capacidad de movilización política.